



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA, PARA A ANTICIPACIÓN DE ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO QUE SE IMPLANTARÁN A TRAVÉS DA CONSTITUCIÓN DA ÁREA DE TRANSPORTE DE GALICIA

REUNIDOS:

Dona Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en nome e representación da Xunta de Galicia, segundo designación efectuada polo Decreto 112/2020, de 6 de setembro, polo que se nomea aos titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (publicado no Diario Oficial de Galicia número 181, do 7 de setembro de 2020), e en uso das atribucións que lle corresponden de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Don Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, en virtude da representación legal atribuída polos apartados 1 e 4.a) do artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL, no sucesivo), en relación co artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALG, no sucesivo), segundo nomeamento efectuado polo Pleno da Corporación na súa sesión constitutiva do 15 de xuño do 2019; no nome e representación do Concello de Pontevedra.

As partes recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar este convenio de colaboración, e para ese efecto

EXPOÑEN:

1. A Comunidade Autónoma de Galicia, en función do previsto no apartado 5 do artigo 148 da Constitución Española e no apartado 8 do artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ostenta competencias exclusivas en materia de ferrocarrís e estradas, non incorporadas á rede do Estado, cuxo itinerario se desenvolva integramente no territorio da Comunidade Autónoma e, nos mesmos termos, no transporte desenvolvido por estes medios ou por cable.

En virtude do disposto no Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e no artigo 72 e concordantes da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, correspóndelle á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade velar polo correcto funcionamento dos transportes aos que se refire a dita lei, e exercer as funcións de planificación, ordenación, coordinación, control, inspección e sanción, se é o caso, dos servizos públicos de persoas dos que é titular, calquera que sexa o modo en que se xestionen.

Igualmente, consonte co que establece o dito Decreto 26/2019, do 7 de marzo, correspóndelle, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, o estudo, análise e implantación de plans e proxectos de fomento do transporte público e a mobilidade sustentable, así como a planificación, coordinación e execución da oferta intermodal de transporte na comunidade autónoma e das infraestruturas do transporte de viaxeiras/os.

2. O Concello de Pontevedra, é titular de competencias en materia de transporte colectivo urbano e tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade, consonte ao establecido no artigo 25.2.g) da





LBRL; que teñen relación coas de medio ambiente urbano e infraestrutura viaria, das alíneas b) e d) da devandita LBRL.

Tamén ao abeiro do artigo 80.2 da LALG, que establece que o municipio exercerá competencias nas materias de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas, protección do medio ambiente e transporte público de persoas viaxeiras. E consonte co artigo 72 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, posúe competencias de planificación, ordenación, coordinación, control, inspección e sanción dos servizos de transporte público de persoas de ámbito local.

Ademais, os artigos 26.1.d) LRBRL e 81.d) LALG obrigan aos concellos con poboación superior aos 50 000 habitantes a prestar o servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, así como á protección do medio ambiente, tendo declarado ao artigo 86.2 da LBRL a reserva en favor das entidades locais do transporte público colectivo.

3. O convenio resulta a canle acaída para plasmar a colaboración administrativa que mellore a eficiencia da xestión e a sustentabilidade, nos obxectivos de promover a utilización do transporte público e a mobilidade sustentable.

Para os efectos deste convenio, considéranse unha serie de conceptos específicos que permiten diferenciar os diferentes tipos de concellos, viaxes, etapas e transbordos, para os efectos de aplicación das políticas tarifarias que se acordan.

Así, distínguense os seguintes tipos de Concellos:

- **Concellos urbanos:** os que dispoñen de servizos de transporte urbano de titularidade municipal que atenden á maior parte da demanda de mobilidade de viaxes intramunicipais no seu propio termo municipal e aqueles outros que, pola súa poboación, estarían obrigados a prestalos, aínda que carezan del.
- **Concellos non urbanos:** os que non teñen a consideración de urbanos. Isto é: os que non dispoñen de servizos de transporte urbano de titularidade municipal, cando, pola súa poboación, non estarían obrigados a prestalos e aqueles outros que dispoñen dalgún servizo dese tipo, pero que non atende á maior parte da demanda de mobilidade de viaxes intramunicipais no seu propio termo municipal.

Por outra parte, distínguense os seguintes tipos de viaxes:

- **Viaxes locais:** as que teñen tanto a súa orixe como o seu destino no interior dun mesmo termo municipal. Dentro desta categoría distínguense dúas situacións:
 - **Viaxes locais urbanas:** as realizadas en servizos de transporte urbano de titularidade municipal ou en liñas pertencentes a contratos outorgados pola Administración Autonómica nun Concello que careza de servizo de transporte urbano a pesar de, pola súa poboación, estar obrigado a iso.
 - **Viaxes locais non urbanas:** o resto das viaxes intramunicipais (isto é: as realizadas en liñas pertencentes a contratos outorgados pola Administración Autonómica nun Concello que careza de servizo de transporte urbano e que, pola súa poboación, non estivese obrigado a iso).
- **Viaxes intermunicipais:** as que teñen a súa orixe e o seu destino no interior de dous termos municipais diferentes.

Así mesmo, cada unha desas viaxes pode estar constituída por unha ou varias etapas, que, á súa vez, poden ter a seguinte consideración:





- **Etapas locais:** as que teñen tanto a súa orixe como o seu destino no interior dun mesmo termo municipal.
- **Etapas intermunicipais:** as que teñen a súa orixe e o seu destino no interior de dous termos municipais diferentes.

Cada unha das etapas que conforma unha viaxe caracterízase por realizarse nun vehículo diferente, do mesmo ou doutro modo de transporte. Os cambios de vehículo que se producen entre unha etapa e outra das que conforman unha determinada viaxe denomínanse transbordos, e distínguense entre:

- **Transbordos locais:** as que se realizan entre dúas etapas locais ou entre unha etapa intermunicipal e unha etapa local dunha mesma viaxe.
- **Transbordos intermunicipais:** as que se realizan entre dúas etapas intermunicipais dunha mesma viaxe.

4. Dende hai anos véñse poñendo de manifesto nas aglomeracións urbanas a necesidade de adaptar os sistemas de xestión do transporte público aos novos patróns e necesidades de mobilidade dos seus habitantes. Nesta liña, e como premisa de calquera política pública de mobilidade que pretenda a redución no uso do vehículo particular, resulta esencial a potenciación do transporte público como principal alternativa sostible que satisfaga as necesidades de desprazamento dos cidadáns.

Nos últimos anos, as Administracións Públicas trataron de facer fronte a este problema procurando a coordinación entre competencias de distinto nivel. Dentro desta liña de actuación, a Administración Autonómica de Galicia, coa constante colaboración das Administracións Locais implicadas, impulsou inicialmente a implantación dunha serie de Áreas de Transporte Metropolitano, que atendían ás principais aglomeracións urbanas de Galicia, sobre a base da colaboración administrativa e a coordinación entre modos de transporte público, co obxectivo final de garantir un servizo de transporte público moderno e de calidade nas citadas áreas urbanas.

Porén, coa experiencia acadada e coa firme vontade de continuar a potenciar o uso do transporte público colectivo en toda Galicia, a Administración Autonómica de Galicia está a impulsar o establecemento dunha Área de Transporte de Galicia que abrangue a todo o territorio da Comunidade Autónoma, estendendo a todo el as vantaxes daquelas Áreas de Transporte Metropolitano, e mantendo a vontade de colaboración con todas as Administracións Locais de Galicia, ás que se lles outorgará a posibilidade de adherirse á antedita Área de Transporte de Galicia, para mellorar as vantaxes e políticas tarifarias que se lle aplican ás persoas usuarias que realicen viaxes con orixe ou destino nos seus respectivos termos municipais.

O funcionamento da Área de Transporte de Galicia basearase nun conxunto integral de actuacións, entre as que ten unha relevancia específica a integración dos diferentes sistemas de transporte en concorrencia e baixo un esquema tarifario unificado e bonificado. Así, as partes asinantes declaran o seu acordo de vontades na implantación e desenvolvemento desas actuacións.

Así, co obxectivo de avanzar na implantación desta Área de Transporte de Galicia, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade tramitou a incorporación dunha addenda ao Plan de Transporte Público de Galicia; ademais, para a súa implantación efectiva é imprescindible a dotación dunha serie de máquinas canceladoras, en todos os vehículos, e doutros equipamentos tecnolóxicos que fan posible o seguimento do funcionamento do sistema, polo que os Pregos de Condicións das concesións de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada que desenvolven o Plan de Transporte Público de Galicia xa prevén a obriga de dispoñer deles.

Porén, a crise sanitaria provocada pola COVID-19 provocou un retraso na implantación desas máquinas canceladoras e do resto de equipamentos tecnolóxicos necesarios para a implantación da Área de Transporte de Galicia, tal e como se indica na Resolución do 10 de xuño de 2020, da





Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se establecen adaptacións no réxime de exigencias temporais en contratos de concesión de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros por estrada de uso xeral de titularidade da Xunta de Galicia, por mor das medidas preventivas adoptadas fronte á COVID-19, que foi publicada no Diario Oficial de Galicia nº 125, do 26 de xuño de 2020.

En todo caso, as circunstancias particulares do Concello de Pontevedra, que está a tramitar un convenio de colaboración xa negociado coa Xunta de Galicia para a implantación dun servizo de interese municipal que abrangue catro liñas incluídas no contrato XG628_Metropolitano de Pontevedra, polo que se compromete a asumir as compensacións a aboar á operadora prestataria polo déficit de explotación do servizo, é dicir, o financiamento do servizo a cambio de introducir adaptacións para implementalo, fan conveniente que, ata a implantación definitiva da Área de Transporte de Galicia, se anticipen parte das actuacións que caracterizarán a aquela e, en particular, a implantación dun esquema tarifario unificado e bonificado, aínda que sexa de xeito provisional e circunscrito tan só ao propio termo municipal de Pontevedra. Esta implantación anticipada das bonificacións que e prevén no presente convenio permitirá, ademais, establecer un sistema xeneralizado aplicable á totalidade de relacións de tráfico que se produzan dentro do termo municipal, mellorando así o sistema de bonificacións do que xa actualmente dispón o Concello de Pontevedra e que facilitan aforros ás persoas usuarias en certas relacións, como as de Monteporreiro.

De xeito complementario ao esquema de bonificacións tarifarias que se establece ao abeiro deste convenio, a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia seguirá a aplicar no ámbito deste convenio aqueles outros mecanismos de bonificacións sociais da mobilidade vixentes en cada momento con carácter xeral, como, en concreto, ás asociadas á tarxeta Xente Nova, á marxe doutras bonificacións de tipo social que, no futuro, puidese establecer esa Administración Autonómica ou a Administración Local.

Así, de conformidade co exposto, e en aras dos principios de colaboración, cooperación e coordinación que deben presidir as relacións entre as Administracións Públicas, é vontade das partes relacionadas no encabezamento proceder á execución dunha serie de actuacións conxuntas que permitan o mellor desenvolvemento do transporte público colectivo no seu ámbito, como medidas de fomento da mobilidade sostible, para o que subscriben este convenio con base nas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.- Obxecto e ámbito de aplicación

Este convenio de colaboración ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para a aplicación anticipada e provisional no Concello de Pontevedra de actuacións previstas para a Área de Transporte de Galicia, coa finalidade de promover a aplicación de medidas de fomento do transporte público colectivo.

Segunda.- Fomento do transporte público

As Administracións Públicas asinantes deste convenio, co fin de promover unha mobilidade sostible e mellorar substancialmente o servizo de transporte público no termo municipal de Pontevedra, implantarán unha serie de medidas de fomento do transporte público, que se prevén para a futura Área de Transporte de Galicia (ATG, no sucesivo), e nos termos previstos neste convenio.

Todas as medidas aquí recollidas van encamiñadas a fomentar o transporte público de viaxeiros e dotar ás Administracións Públicas implicadas de ferramentas específicas que se van desenvolver na ATG e que conducirán á implantación dun sistema de transporte de viaxeiros eficiente que se contemple coma unha alternativa viable á utilización do transporte privado nos desprazamentos que se produzan na área. O conxunto de actuacións previstas na ATG agrúpanse ao redor de catro programas complementarios entre si, que se desenvolven polo miúdo nos puntos seguintes.





2.1.- Mellora da conectividade entre as redes de transporte público

As Administracións Públicas asinantes comprométense a levar a cabo todas aquelas actuacións que consideren necesarias para garantir unha mellora da coordinación e da conectividade entre os diferentes servizos e modos de transporte público en concorrencia, de xeito que se incremente a calidade do transporte público na súa totalidade.

Isto levarase a cabo mediante a implantación de novos percorridos e puntos de parada na rede interurbana mellorando a funcionalidade do sistema ao aumentar a cobertura directa e a conectividade entre os diferentes servizos de transporte.

2.2.- Incremento da oferta de transporte público

2.2.1.- Acordos de establecemento de novos servizos

As administracións públicas asinantes poden acordar o establecemento de servizos de transporte de viaxeiros por estrada regulares permanentes de uso xeral, mediante a implantación de novos servizos ou a intensificación doutros xa existentes, co obxectivo último de mellorar a cobertura e funcionalidade do sistema de transporte público colectivo, baixo dúas modalidades: servizos de interese municipal e servizos de interese metropolitano, co gallo de incrementar o nivel da oferta de mobilidade nos corredores de transporte público.

a) Servizos de predominante interese municipal (SIMU)

Terán este carácter os servizos deseñados para atender necesidades de desprazamento interior do Concello de Pontevedra, ben sexan tráficos interiores del, ben de conexión con outro/s Concello/s de Galicia. Sen prexuízo do exposto, o servizo será establecido pola Xunta de Galicia no caso de que afecte a tráficos preexistentes recollidos nos títulos contractuais de prestación de servizos de transporte regular por estrada de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os SIMU, en caso de presentar déficits de explotación nos seus resultados individualmente considerados, serán financiados ao 100% polo concello promotor.

b) Servizos de interese metropolitano (SIME)

Terán este carácter os servizos deseñados para atender a conexión rápida, con ou sen paradas intermedias, dos principais núcleos da Área de Transporte de Galicia ou as súas principais infraestruturas, especialmente cara aos núcleos principais.

A Dirección Xeral de Mobilidade, logo da posta en funcionamento do programa tarifario previsto neste convenio, e unha vez que dispoña polo tanto de datos reais de mobilidade, poderá elaborar propostas de establecemento destes servizos, que serán acordados de xeito bilateral entre a Xunta de Galicia e os Concellos afectados.

2.2.2.- Política tarifaria aplicable aos novos servizos

Aos novos servizos de transporte que se creen de acordo con esta cláusula, SIMU e SIME, resultaranlles de aplicación o mesmo programa tarifario e as mesmas regras de distribución de gasto especificamente previstas neste convenio.

2.2.3.- Implantación efectiva dos novos servizos

A implantación efectiva dos novos servizos, SIMU ou SIME, efectuarase consonte coa normativa sectorial que resulta de aplicación, mediante a introdución de adaptacións nas condicións de explotación dos correspondentes contratos de concesión, ou mediante a formalización de modificacións deles, ou, incluso, mediante a adxudicación de novos contratos. En todo caso, as Administracións Públicas que os promovan asumirán as eventuais compensacións que se deban





aboar tanto aos seus prestatarios como aos contratistas dos servizos preexistentes polos tráfico afectados, no seu caso.

2.3.- Mellora na información e nas infraestruturas asociadas ao transporte colectivo

As Administracións Públicas asinantes comprométese á promoción do transporte público colectivo nos seus respectivos ámbitos territoriais e á mellora, dentro das súas respectivas competencias, das infraestruturas asociadas ao sistema de transporte público.

Con este programa preténdese renovar e modernizar profundamente a infraestrutura asociada ao sistema de transporte público co obxectivo último de mellorar a súa imaxe e comodidade. Así mesmo, tamén se inclúen dentro deste programa actuacións que van dirixidas a lograr unha mellora na información dentro do sistema de transporte colectivo.

2.4.- Política tarifaria

A integración tarifaria, que se desenvolve polo miúdo, na estipulación terceira deste convenio, é unha medida clave para lograr unha modernización do transporte público sendo unha ferramenta fundamental que permitirá actuar sobre prezos, coordinación e información do sistema e, en definitiva, para acadar un funcionamento eficaz da futura Área de Transporte de Galicia.

Este programa de implantación dun sistema tarifario integrado é o único programa que se prevé desenvolver desde o inicio da vixencia do convenio, polo que é o único que se detalla en profundidade neste documento, sen que iso impida que, posteriormente, se poida desenvolver calquera dos outros programas, tanto a través de addendas ao convenio como de convenios bilaterais entre as Administracións Públicas implicadas, segundo o caso.

Terceira.- Política tarifaria

A implantación da Área de Transporte de Galicia prevé profundizar na implantación dun sistema de tarifas de carácter zonal, para o que resulta imprescindible a existencia dun soporte tecnolóxico compatible con tódolos modos que posibilite a introdución de medios de pagamento multimodais aceptados por tódolos operadores e a fixación dunhas tarifas que introduzan bonificacións, á vez que despenalicen o transbordo.

Nese sentido, a integración tarifaria é unha medida clave para lograr unha modernización do transporte público, sendo unha ferramenta fundamental que permitirá actuar sobre prezos e información do sistema.

Así, as Administracións Públicas asinantes deste convenio comprométese, no ámbito das súas respectivas competencias, a aplicar anticipadamente, de xeito parcial, a política tarifaria prevista para a Área de Transporte de Galicia, segundo as seguintes especificacións:

3.1.- Principios básicos

3.1.1.- Obxectivos

Os obxectivos fundamentais do establecemento da Área de Transporte de Galicia serán contribuír ao fomento da mobilidade en transporte público, favorecer a coordinación entre as diferentes redes de transporte público e mellorar a calidade da integración do sistema, a través da ordenación da oferta de transporte e o abaratamento do custo por viaxe ás persoas usuarias, coa despenalización económica para estas das operacións de conexión entre liñas que requira a realización da súa viaxe.

O cumprimento deses obxectivos artículase a través da implantación dun sistema zonal, a introdución de medios de pago multimodais e a fixación dunhas tarifas que introducen bonificacións, á vez que despenalizan o transbordo.

3.1.2.- Zonificación





Implantarase un sistema tarifario zonal que aglutine na Área de Transporte de Galicia os diferentes sistemas tarifarios vixentes. Este novo sistema, durante a vixencia dos correspondentes convenios e, no seu caso, as súas prórrogas, substituirá aos preexistentes nos modos de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e será complementario no resto. A súa aplicación comezará a partir da data que se estableza para cada empresa no correspondente acto administrativo de integración.

Para iso, nos contratos que desenvolven o Plan de Transporte Público de Galicia xa se implantou un sistema de tarifas de equilibrio a percibir polos respectivos operadores que ten carácter zonal, asociado ao ámbito territorial de cada un dos termos municipais de Galicia, e que se concreta nunhas determinadas tarifas que se lle aplican aos diferentes rangos de distancias considerados para calquera relación de tráfico entre cada par de Concellos de Galicia, a partir da distancia entre eles.

Así, o termo municipal de cada Concello de Galicia queda establecido como unha determinada zona de transporte. Os rangos de tarifas así veñen determinados pola distancia e o tempo estimado de percorrido por estrada entre os núcleos de poboación de maior tamaño dos respectivos Concellos que, á súa vez, ven determinado pola configuración da rede viaria existente, permitindo a fácil incorporación de diferentes modos de transporte.

Os cadros de tarifas para cada rango de distancias son os que establece o Plan de Transporte Público de Galicia e, en concreto, os proxectos de explotación e, de xeito supletorio, os pregos de condicións que o desenvolven. Neles recóllense as tarifas aplicables en cada momento para cada relación de tráfico, e estas son comúns e igualitarias para toda Galicia.

Será en base a ese esquema tarifario unificado sobre o que se aplicarán as bonificacións tarifarias previstas na Área de Transporte de Galicia e neste convenio.

No caso dos modos de transporte cuxo esquema tarifario actual non se corresponda co establecido nos contratos que desenvolven o Plan de Transporte Público de Galicia, os niveis de bonificación poderán ter que ser adaptados para que, de xeito efectivo, ás persoas usuarias se lle apliquen as mesmas tarifas para viaxes entre os mesmos termos municipais de orixe e de destino.

No caso de que o Concello de Pontevedra implantase no futuro un servizo de transporte urbano colectivo, durante o prazo de vixencia do convenio ou, no seu caso, das súas prórrogas, para a súa integración na Área de Transporte de Galicia formalizaríase un acordo específico entre a Xunta de Galicia, o Concello e a empresa ou empresas que en cada momento prestasen aquel servizo, coa finalidade de concertar a operativa do sistema de compensacións que correspondería abonar a cada Administración Pública, segundo o indicado neste convenio.

3.1.3.- Títulos de transporte

Co fin de implantar un soporte tecnolóxico compatible con tódolos modos e operadores con tráfico na Área de Transporte de Galicia, establecerase como medio de pagamento a denominada tarxeta do Transporte Público de Galicia (no sucesivo, tarxeta TPG ou, máis abreviadamente, TPG). A devandita tarxeta será emitida por aquela/s entidade/s colaboradora/s concertada/s pola Xunta de Galicia, e basearase nunha tecnoloxía sen contacto que mellorará a cantidade e a calidade de información existente na rede de transporte da ATG. Este título de transporte é complementado por aquelas outras tarxetas análogas á TPG integradas no sistema.

A efectos prácticos, a tarxeta TPG equivale á actual tarxeta do Transporte Metropolitano de Galicia (tarxeta TMG) e, nese sentido, todas as referencias que neste convenio se fan á tarxeta TPG deben entenderse aplicables tamén a esta última.

Doutra banda, acórdase a ordenación e simplificación dos títulos comercializados polos diferentes modos de transporte nos que a Administración Autonómica de Galicia é titular, que, sen prexuízo dos





bonos que comercialicen ou poidan chegar a comercializar as empresas concesionarias, quedan determinados do seguinte modo.

- Billete sinxelo (pagamento en efectivo): válido unicamente para unha etapa, non permite o transbordo.
- Tarxeta TPG: trátase dun medio de pagamento (tarxeta moedeiro) promovido pola Xunta de Galicia, directamente ou en colaboración con entidades colaboradoras, de carácter multiviaxe (permite múltiples cancelacións) e multimodal (aceptable en todos os modos con tráfico integrados). Nos pagamentos efectuados con esta tarxeta aplicaranse as bonificacións previstas neste convenio.
- Tarxetas de pagamento integradas: medio de pagamento que, con independencia do emisor, permite viaxar a través de varios medios ou modos de transporte, debendo establecerse o sistema de compensacións entre as diferentes Administracións Públicas en virtude dos acordos reflectidos en diferentes convenios. Terán esta consideración aquelas tarxetas equivalentes á TPG e compatibles con ela que, emitidas ou promovidas por outras Administracións Públicas, sexan incorporadas pola Dirección Xeral de Mobilidade ao Sistema de Transporte Público de Galicia. En todos os casos, o sistema tarifario e de bonificacións aplicado aos pagos que se realicen con estas tarxetas de pagamento integradas será completamente equivalente ao aplicado aos pagamentos realizados coa tarxeta TPG.

No caso de que o Concello de Pontevedra, implantase no futuro un servizo de transporte urbano colectivo, durante o prazo de vixencia do convenio ou, no seu caso, das súas prórrogas, procurará que o seu título de transporte tamén se integre no sistema.

A Dirección Xeral de Mobilidade poderá acordar a introdución de novos modos de pagamento integrados, baseados na evolución das tecnoloxías.

3.1.4.- Aplicación social da Tarxeta do Transporte Público de Galicia.

Os anteriores títulos complementáanse coa aplicación social da tarxeta TPG, ferramenta que, mediante a utilización da devandita tarxeta, permite xestionar aos promotores (públicos e/ou privados) diferentes bonificacións de carácter social dentro dun conxunto de perfís definidos, e en beneficio dos residentes no Concello. Así, os perfís sociais de aplicación serán establecidos polo propio Concello.

A operativa material desta aplicación será equivalente á prevista para facer efectiva a bonificación por recorrencia. En relación ás actuacións que non estean previstas neste convenio, cando o promotor sexa o Concello, entre este e a Dirección Xeral de Mobilidade adoptarán un acordo no que establecerán a modalidade de bonificación, dentro das opcións que, en termos tecnolóxicos, permita a aplicación, preferiblemente coa finalidade de establecer perfís e niveis de desconto idénticos en todos os Concellos da ATG.

Os requisitos que deberán cumprir as persoas beneficiarias destas bonificacións adicionais, tanto para adquirir esta condición como para xerar o dereito ás concretas bonificacións, serán establecidas polo Concello nas correspondentes ordenanzas municipais, no marco das condicións de utilización desta aplicación fixadas pola Dirección Xeral de Mobilidade.

A operativa material desta aplicación será equivalente á prevista para facer efectiva a bonificación por recorrencia. Xa que logo, a través da aplicación na que se rexistren todas as viaxes realizadas no Sistema de Transporte Público de Galicia realizarase mensualmente o cálculo das bonificacións que correspondan ás persoas usuarias, atendendo ao perfil que teñan asociado, tendo en conta que nos supostos de multicancelación ou venda múltiple só se contará unha viaxe, e que a bonificación asociada a unha tarxeta non pode superar nunca o 100% do importe da viaxe. As tarxetas que xerarán dereito a bonificación serán as identificadas na aplicación social do transporte metropolitano





polo Concello, consonte cos requisitos e regras de uso que determinará a Dirección Xeral de Mobilidade. A bonificación estará ao dispor da persoa usuaria titular da tarxeta para a operación de recarga, a partir do final do mes seguinte ao da xeración do correspondente dereito, e durante o prazo de dous meses, logo do cal, de non se materializar, producirase a súa caducidade a favor do correspondente Concello.

Como especialidades en relación co réxime xeral previsto no convenio para as liquidacións das achegas correspondentes á política tarifaria, no eido da política social, o Concello transferirá á Dirección Xeral de Mobilidade as achegas correspondentes a esta actuación con antelación á súa aplicabilidade real; a partir dese momento, o concello deberá manter un saldo suficiente para facer fronte aos sucesivos libramentos ás persoas usuarias, previo requirimento ao respecto pola Dirección Xeral de Mobilidade. Sen prexuízo do anterior, de non se ter materializado en prazo por parte do Concello o ingreso das achegas que lle correspondan, a Dirección Xeral de Mobilidade suspenderá o pagamento das contías que correspondería aboar ás persoas usuarias do Concello en concepto de política social dende a data na que resulte insuficiente o ingreso realizado polo Concello, ata que se materialice o ingreso das correspondentes achegas, sen prexuízo do que a comisión de seguimento puidese determinar respecto dunha posible ampliación do prazo de caducidade das bonificacións acumuladas nese período.

3.1.5.- Sistema de cancelación no transporte urbano

No caso de que o Concello de Pontevedra, implantase no futuro un servizo de transporte urbano colectivo, durante o prazo de vixencia do convenio ou, no seu caso, das súas prórrogas, para que eses hipotéticos sistemas de transporte urbano se puidesen integrar na ATG, deberán contar con máquinas de cancelación e expedición de billetes homologadas para o funcionamento na devandita ATG tanto pola propia Xunta de Galicia como pola/s entidade/s financeira/s colaboradora/s.

3.1.6.- Tarifas a abonar polas persoas usuarias

As tarifas a abonar polas persoas usuarias neste sistema tarifario integrado, referidas á TPG nos modos de competencia autonómica integrados na ATG, fíxanse en función do rango no que se sitúe a distancia existente entre os termos municipais de orixe e destino da viaxe, así como do título de viaxe utilizado para a súa realización, e non do número de etapas que son necesarias.

Xa que logo, prodúcese unha despenalización total do transbordo nos pagamentos coa tarxeta TPG nos modos de transporte integrados, e elimínase a competencia vía prezo entre os diferentes modos públicos.

Adicionalmente, as persoas usuarias que efectúen no mes natural un determinado número de viaxes, cos mesmos termos municipais de orixe e de destino, obterán a bonificación adicional por recorrencia, tal e como vén previsto nos contratos que desenvolven o Plan de Transporte Público de Galicia.

Os niveis de prezos dos modos de transporte que non son de competencia autonómica (é dicir, que son de competencia estatal ou local), pero se integren na ATG, seguirán sendo fixados polas Administracións Públicas competentes ou se determinarán nos instrumentos de adhesión daqueles.

A táboa de tarifas estarán sometidas aos incrementos que xa figuran previstos nos correspondentes contratos de concesións, así como, se fose o caso, ás previsións de actualización e/ou revisión que fixe a normativa que lles resulte de aplicación.

3.1.7.- Niveis de compensación

As empresas concesionarias dos servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral da competencia da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia percibirán por viaxeiro, polas cancelacións que se produzan utilizando os títulos integrados na Área de Transporte de Galicia,





os niveis de compensación que xa veñen plenamente previstos nos seus respectivos contratos de concesión.

No caso de empresas prestatarias de servizos de transporte distintos dos anteriores, serán os correspondentes instrumentos ou acordos de integración os que contemplan a definición dos niveis de compensación.

Así, o sistema de compensación fixa o nivel de ingreso por cancelación coa TPG, tarxetas integradas ou billete sinxelo (este último título só nos modos de competencia autonómica e nos que así se fixe nos acordos de integración) que recibirá o prestatario tras a posta en marcha do sistema tarifario integrado. A fixación destes niveis perseguen os seguintes obxectivos:

- Non afectar ao equilibrio financeiro actual.
- Conservar o actual sistema de incentivos baseado no risco e ventura. Así, os ingresos e a rendibilidade da explotación deben de estar vinculados ao número de viaxeiros.
- Manter os niveis de financiamento previamente adquiridos polas diferentes Administracións Públicas.

O sistema de compensación aplicado será o seguinte:

a) Contratos de xestión ou concesión de servizos de transporte público de competencia da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

No caso dos contratos de concesión de servizos de transporte público de competencia da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que desenvolven o Plan de Transporte Público de Galicia, os niveis de compensación aplicables en cada caso (para cada relación de tráfico e segundo o título de transporte empregado) xa veñen completamente definidos nos proxectos de explotación e nos pregos de condicións que rexen a súa execución.

Así, eses niveis de compensacións resultan aplicables ás cancelacións realizadas con TPG, tarxetas integradas ou billete sinxelo.

A eses niveis de compensación seralle aplicables, ademais, o réxime de subida programada de tarifas e, en consecuencia, de niveis de compensación, xa previsto nos Pregos de Condicións que rexen a execución dos contratos de concesión que desenvolven o antedito Plan de Transporte Público de Galicia.

b) Contratos de xestión ou concesión de servizos de transporte público de competencia dos Concellos

No caso de que o Concello de Pontevedra, implantase no futuro un servizo de transporte urbano colectivo, durante o prazo de vixencia do convenio ou, no seu caso, das súas prórrogas, os niveis de compensación ao prestatario do hipotético servizo de transporte público urbano que se puidese integrar na ATG levaríase a cabo segundo a operativa seguinte:

- O nivel de compensación establécese sobre o billete xeneralizado bonificado de uso xeral, bonobús ou tarxeta ordinaria.
- Resulta aplicable exclusivamente ás cancelacións realizadas con TPG ou tarxetas integradas.
- Actualizaranse con base na normativa que lle resulte de aplicación e, no seu caso, as condicións de contratación do correspondente contrato de xestión ou concesión do servizo de transporte público.

3.1.8.- Bonificacións





A diferenza entre os niveis de compensación (ingreso por cancelación que se estableza para o prestatario do servizo de transporte) e o custo efectivo asumido polas persoas usuarias, determinará o volume de recursos globais a achegar polas administracións públicas en forma de bonificacións ao uso do transporte público.

A bonificación global da viaxe subdivídese en bonificación zonal, asociada ao conxunto da viaxe, e bonificación por transbordos, asociada ás diferentes etapas que conforman unha única viaxe, sendo o nivel de imputación e participación das diferentes administracións públicas diferente en cada unha delas, conforme ao establecido nesta cláusula e no resto deste convenio.

Así, defínense os seguintes conceptos:

$$B = \sum_{j=1}^n NC_{i,j} - T_{U,i}$$

$$B_z = NC_{H,i} - T_{H,i}$$

$$T_{H,i} = T_{U,i}$$

$$B_T = B - B_z = \sum_{j=1}^n NC_{i,j} - NC_{H,i}$$

Onde:

- B: Bonificación total.
- B_z: Bonificación zonal.
- B_T: Bonificación por transbordos.
- T_{U,i}: Tarifa abonada pola persoa usuaria para a viaxe i.
- NC_{i,j}: Nivel de compensación, ou tarifa de equilibrio a percibir polo operador, na etapa j da viaxe i.
- NC_{H,i}: Nivel de compensación, ou tarifa de equilibrio a percibir polo operador, para unha etapa hipotética que tivese como orixe e destino os mesmos termos municipais que a viaxe i.
- T_{H,i}: Tarifa abonada pola persoa usuaria nunha etapa hipotética que tivese como orixe e destino os mesmos termos municipais que a viaxe i.
- n: número de etapas da viaxe i.

A aplicación anticipada ao Concello de Pontevedra de actuacións previstas para a Área de Transporte de Galicia supón a aplicación das seguintes bonificacións:

- **Bonificación zonal**, coa contía prevista neste convenio, en todas as **viaxes locais con orixe e destino no Concello de Pontevedra**.
 - A imputación desta bonificación realízase ao **100%** ao **Concello de Pontevedra**.
- **Bonificación** do 100% do custe adicional dos **transbordos** en todas as **viaxes locais con orixe e destino no Concello de Pontevedra**.





- A imputación desta bonificación dos transbordos que se realicen nas viaxes locais con orixe e destino no Concello de Pontevedra, realízase ao **100%** ao **Concello de Pontevedra**.

Debido ao carácter anticipado da aplicación parcial das previsións da Área de Transporte de Galicia ao Concello de Pontevedra, a sinatura deste convenio non supón a aplicación do resto de bonificacións previstas para o caso da súa implantación e adhesión definitiva. En todo caso, con carácter informativo, indícase que a implantación definitiva da ATG suporá a aplicación da seguinte bonificación:

- **Bonificación** do 100% do custe adicional dos **transbordos intermunicipais**, realizados en calquera termo municipal, en todas as **viaxes intermunicipais**, independentemente de que os concellos de orixe ou de destino se adherisen ou non á ATG, ou de que se trate de concellos urbanos ou non.
 - A imputación desta bonificación realízase ao **100%** á **Xunta de Galicia**.

Por outra parte, indícase tamén con carácter informativo que a adhesión definitiva do Concello de Pontevedra á Área de Transporte de Galicia suporá tamén a aplicación das seguintes bonificacións adicionais:

- **Bonificación zonal**, coa contía prevista neste convenio, en todas as **viaxes intermunicipais** con **orixe no Concello de Pontevedra e destino noutro concello urbano**, independentemente de que o concello de destino se adherise ou non á ATG.
 - A imputación desta bonificación realízase ao **100%** á **Xunta de Galicia**.
- **Bonificación** do 100% do custe adicional dos **transbordos locais**, realizados no termo municipal do Concello de Pontevedra ou no doutro concello intermedio distinto do de destino da viaxe, en todas as **viaxes intermunicipais** con **orixe ou destino no Concello de Pontevedra e orixe ou destino noutro concello de Galicia**, independentemente de que o concello de destino se adherise ou non á ATG ou de que se trate dun concello urbano ou non.
 - A imputación desta bonificación realízase ao **100%** á **Xunta de Galicia**.

Nas seguintes táboas resúmense bonificacións, e a súa imputación, que se establecen mediante o presente convenio:

Bonificación zonal				
Tipo de viaxe	Orixe	Destino	Xunta de Galicia	Concello de Pontevedra
Local	Pontevedra	Pontevedra	-	100%

Bonificación por transbordo				
Tipo de viaxe	Tipo de transbordo	Concello no que se realiza o transbordo	Xunta de Galicia	Concello de Pontevedra
Local	Local	Calquera	-	100%
	Intermunicipal	Calquera	-	100%

3.1.9.- Contía das tarifas a abonar polas persoas usuarias, dos niveis de compensación e das bonificacións

Así, segundo todo o indicado nos apartados anteriores, a partir dos niveis de compensación ($NC_{H,i}$), ou tarifas de equilibrio a percibir polo operador, para unha etapa hipotética que tivese como orixe e destino os mesmos termos municipais que a viaxe i , as tarifas ($T_{U,i}$) abonadas polas persoas usuarias,





nese caso, e as correspondentes bonificacións zonais (B_z) aplicables ás viaxes intermunicipais, en función de que o pago se realice ou ben en efectivo ou ben mediante a tarxeta TPG ou calquera outra tarxeta integrada na ATG, serían, cando se produza a implantación e adhesión definitiva do Concello de Pontevedra á ATG, as seguintes:

Niveis de compensación		Tarifas a abonar pola persoa usuaria		Bonificación zonal		Niveis de compensación		Tarifas a abonar pola persoa usuaria		Bonificación zonal	
$NC_{h,i}$		$T_{u,i}$		B_z		$NC_{h,i}$		$T_{u,i}$		B_z	
Efectivo	Tarxeta TPG	Efectivo	Tarxeta TPG	Efectivo	Tarxeta TPG	Efectivo	Tarxeta TPG	Efectivo	Tarxeta TPG	Efectivo	Tarxeta TPG
1,50 €	1,35 €	1,50 €	0,85 €	0,00 €	0,50 €	16,50 €	14,85 €	16,50 €	14,35 €	0,00 €	0,50 €
2,00 €	1,80 €	2,00 €	1,30 €	0,00 €	0,50 €	17,00 €	15,30 €	17,00 €	14,80 €	0,00 €	0,50 €
2,50 €	2,25 €	2,50 €	1,75 €	0,00 €	0,50 €	17,50 €	15,75 €	17,50 €	15,25 €	0,00 €	0,50 €
3,00 €	2,70 €	3,00 €	2,20 €	0,00 €	0,50 €	18,00 €	16,20 €	18,00 €	15,70 €	0,00 €	0,50 €
3,50 €	3,15 €	3,50 €	2,65 €	0,00 €	0,50 €	18,50 €	16,65 €	18,50 €	16,15 €	0,00 €	0,50 €
4,00 €	3,60 €	4,00 €	3,10 €	0,00 €	0,50 €	19,00 €	17,10 €	19,00 €	16,60 €	0,00 €	0,50 €
4,50 €	4,05 €	4,50 €	3,55 €	0,00 €	0,50 €	19,50 €	17,55 €	19,50 €	17,05 €	0,00 €	0,50 €
5,00 €	4,50 €	5,00 €	4,00 €	0,00 €	0,50 €	20,00 €	18,00 €	20,00 €	17,50 €	0,00 €	0,50 €
5,50 €	4,95 €	5,50 €	4,45 €	0,00 €	0,50 €	20,50 €	18,45 €	20,50 €	17,95 €	0,00 €	0,50 €
6,00 €	5,40 €	6,00 €	4,90 €	0,00 €	0,50 €	21,00 €	18,90 €	21,00 €	18,40 €	0,00 €	0,50 €
6,50 €	5,85 €	6,50 €	5,35 €	0,00 €	0,50 €	21,50 €	19,35 €	21,50 €	18,85 €	0,00 €	0,50 €
7,00 €	6,30 €	7,00 €	5,80 €	0,00 €	0,50 €	22,00 €	19,80 €	22,00 €	19,30 €	0,00 €	0,50 €
7,50 €	6,75 €	7,50 €	6,25 €	0,00 €	0,50 €	22,50 €	20,25 €	22,50 €	19,75 €	0,00 €	0,50 €
8,00 €	7,20 €	8,00 €	6,70 €	0,00 €	0,50 €	23,00 €	20,70 €	23,00 €	20,20 €	0,00 €	0,50 €
8,50 €	7,65 €	8,50 €	7,15 €	0,00 €	0,50 €	23,50 €	21,15 €	23,50 €	20,65 €	0,00 €	0,50 €
9,00 €	8,10 €	9,00 €	7,60 €	0,00 €	0,50 €	24,00 €	21,60 €	24,00 €	21,10 €	0,00 €	0,50 €
9,50 €	8,55 €	9,50 €	8,05 €	0,00 €	0,50 €	24,50 €	22,05 €	24,50 €	21,55 €	0,00 €	0,50 €
10,00 €	9,00 €	10,00 €	8,50 €	0,00 €	0,50 €	25,00 €	22,50 €	25,00 €	22,00 €	0,00 €	0,50 €
10,50 €	9,45 €	10,50 €	8,95 €	0,00 €	0,50 €	25,50 €	22,95 €	25,50 €	22,45 €	0,00 €	0,50 €
11,00 €	9,90 €	11,00 €	9,40 €	0,00 €	0,50 €	26,00 €	23,40 €	26,00 €	22,90 €	0,00 €	0,50 €
11,50 €	10,35 €	11,50 €	9,85 €	0,00 €	0,50 €	26,50 €	23,85 €	26,50 €	23,35 €	0,00 €	0,50 €
12,00 €	10,80 €	12,00 €	10,30 €	0,00 €	0,50 €	27,00 €	24,30 €	27,00 €	23,80 €	0,00 €	0,50 €
12,50 €	11,25 €	12,50 €	10,75 €	0,00 €	0,50 €	27,50 €	24,75 €	27,50 €	24,25 €	0,00 €	0,50 €
13,00 €	11,70 €	13,00 €	11,20 €	0,00 €	0,50 €	28,00 €	25,20 €	28,00 €	24,70 €	0,00 €	0,50 €
13,50 €	12,15 €	13,50 €	11,65 €	0,00 €	0,50 €	28,50 €	25,65 €	28,50 €	25,15 €	0,00 €	0,50 €
14,00 €	12,60 €	14,00 €	12,10 €	0,00 €	0,50 €	29,00 €	26,10 €	29,00 €	25,60 €	0,00 €	0,50 €
14,50 €	13,05 €	14,50 €	12,55 €	0,00 €	0,50 €	29,50 €	26,55 €	29,50 €	26,05 €	0,00 €	0,50 €
15,00 €	13,50 €	15,00 €	13,00 €	0,00 €	0,50 €	30,00 €	27,00 €	30,00 €	26,50 €	0,00 €	0,50 €
15,50 €	13,95 €	15,50 €	13,45 €	0,00 €	0,50 €	30,50 €	27,45 €	30,50 €	26,95 €	0,00 €	0,50 €
16,00 €	14,40 €	16,00 €	13,90 €	0,00 €	0,50 €	31,00 €	27,90 €	31,00 €	27,40 €	0,00 €	0,50 €

Esta táboa refírese ás tarifas a abonar polas persoas usuarias, aos niveis de compensación e ás bonificacións aplicables aos contratos de concesión de servizos de transporte público de competencia da Administración Autonómica que desenvolven o Plan de Transporte Público de Galicia no prazo que transcorra entre a súa implantación e a primeira subida prevista de tarifas, segundo o establecido, para cada un deles, nos seus correspondentes Pregos de Condicións, nos que se fixa a primeira suba programada de tarifas para o 1/01/2022.

As posteriores actualizacións de tarifas a abonar polas persoas usuarias e, como consecuencia diso, dos niveis de compensación e das bonificacións aplicables, rexeranse polo previsto na estipulación 3.1.7 deste convenio.





Pola súa parte, establécese unha bonificación zonal para as viaxes locais, con orixe e destino no termo municipal do Concello de Pontevedra, iguais ás previstas para as viaxes intramunicipais cos niveis de compensación ($NC_{H,i}$) máis baixos. Isto é, unha **bonificación zonal para as viaxes locais**, con orixe e destino no termo municipal do Concello de Pontevedra, de **0,50 €, que será a aplicable durante a fase de anticipación de actuacións que se establece no presente convenio**.

3.1.10.- Imputación das bonificacións

As contías das bonificacións previstas nesta cláusula, cos límites establecidos na mesma, repartiranse proporcionalmente entre as Administracións Públicas sobre criterios de competencia (Administración Pública competente), tipo de viaxe (intermunicipal ou intramunicipal), natureza da etapa (transbordo ou non) e uso (Concello de orixe da primeira etapa e Concello destino da última), de acordo coas porcentaxes de imputación establecidas neste convenio.

3.2.- Procedementos:

3.2.1.- Contía e revisión das achegas

A achega que corresponde efectuar ao Concello de Pontevedra con base no previsto anteriormente estímase na contía que se determina no Anexo deste convenio, calculada con base nos traballos técnicos desenvolto, sen prexuízo da súa actualización anual segundo o procedemento fixado nesta mesma estipulación. A devandita previsión efectúase, en todo caso, de xeito aproximado, considerando a necesaria ponderación que se efectúa tanto da penetración social dos novos medios de pagamento cos que operará a bonificación, como da porcentaxe global de incremento de usuarios bonificados pola Administración Pública, asumindo expresamente as partes a asunción de eventuais obrigas por riba das indicadas contías, e coa mesma sistemática que a prevista no punto anterior.

As Administracións Públicas parte no convenio dispoñen do orzamento preciso para o actual exercicio e comprométese a efectuar as correspondentes previsións orzamentarias nos exercicios futuros polo importe que en cada caso corresponda, e os reaxustes, actualizacións e liquidacións comunicados pola Dirección Xeral de Mobilidade.

As cantidades indicadas neste convenio serán actualizadas anualmente, atendendo aos resultados reais de explotación do ano anterior; a contía que corresponda a cada Administración Pública seralle comunicada directamente pola Dirección Xeral de Mobilidade.

3.2.2.- Liquidación

No primeiro trimestre de cada ano, a Dirección Xeral de Mobilidade remitirá ao Concello de Pontevedra a liquidación do ano anterior, atendendo ás obrigas que efectivamente lle corresponderán aboar. Esta liquidación será emitida e xustificada atendendo aos datos extraídos directamente da aplicación informática na que se rexistren todas as viaxes realizadas na ATG (actualmente, aplicación SITME).

A referida liquidación preverá os reaxustes das obrigas da correspondente anualidade, tendo en consideración os datos reais de explotación dese último exercicio, e establecendo tanto unha minoración da parte a ingresar que deban materializar para ese ano o Concello, no caso de resultar excedentario do ano anterior, coa incorporación pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade dos fondos sobrantos daquel exercicio polas súas respectivas participacións; como un incremento do correspondente ao Concello, no caso de resultar deficitario, ata o importe non cuberto no exercicio anterior.

3.2.3.- Transferencia e xestión das achegas

As achegas indicadas serán xestionadas pola Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia. Para tal fin, o Concello de Pontevedra





comprométese a transferir a esta as súas correspondentes achegas non máis tarde do día trinta e un de marzo do ano ao que correspondan, ou, de resultar posterior, unha vez transcorridos dous meses dende que a Dirección Xeral de Mobilidade traslade ao Concello a liquidación do ano anterior e o importe que corresponda ingresar no corrente, consonte co indicado nesta estipulación. As Administracións Públicas deberán efectuar o ingreso na conta xeral da Xunta de Galicia, e achegar á Dirección Xeral de Mobilidade, dentro do indicado prazo, o xustificante de ter efectuado este ingreso. Estes importes serán obxecto de incorporación na aplicación orzamentaria 09.02.512A.470.1 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sen prexuízo do indicado nos apartados anteriores, no primeiro ano de implantación efectiva das bonificacións establecidas no presente convenio, o Concello de Pontevedra ingresará o importe correspondente ao prorrateo da correspondente anualidade entre os meses nos que finalmente se produza o seu funcionamento efectivo, tal como se prevé na táboa do Anexo deste convenio. Este ingreso efectuarase no prazo dun mes dende a formalización do presente convenio e, en caso de demora no pagamento, esta poderá interromper a aplicación das bonificacións tarifarias previstas neste convenio.

De non se efectuar as achegas correspondentes nos prazos fixados, as partes asumen expresamente que as mesmas terán a consideración de débedas firmes, líquidas e exixibles pola Xunta de Galicia, quen poderá reter e compensar os referidos importes das cantidades que lles correspondan aos Concellos como participación no Fondo de Cooperación Local, consonte co legalmente establecido.

3.2.4.- Liquidacións aos prestatarios de servizos de transporte integrados

A Dirección Xeral de Mobilidade será a encargada de tramitar a compensación aos prestatarios de servizos de transporte público afectados polas bonificacións previstas neste convenio.

Esta compensación farase respectando as bases da política tarifaria previstas neste convenio, de conformidade co establecido nos actos administrativos de integración dos concesionarios dos públicos de transporte.

No caso de empresas prestatarias de servizos de transporte distintos dos anteriores, serán os correspondentes instrumentos ou acordos de integración os que contemplan os criterios de liquidación, sempre respectando as bases da política tarifaria previstas neste convenio.

Cuarta.- Comisión de seguimento

Co obxecto de velar polo cumprimento deste convenio e para o tratamento de posibles discrepancias sobre o seu contido e aplicación constitúese unha comisión de seguimento constituída por dúas persoas designadas pola Dirección Xeral de Mobilidade e dúas persoas designadas polo Concello de Pontevedra. A presidencia da comisión de seguimento será exercida por unha das persoas designadas pola Dirección Xeral de Mobilidade.

A comisión de seguimento será a encargada do seguimento, interpretación e control do cumprimento deste convenio e asumirá, en particular, as seguintes funcións:

- a) Impulsar a programación das actuacións incluídas no ámbito deste convenio, propoñendo no seu caso as variacións que se consideren precisas.
- b) Resolver os problemas que se susciten na interpretación deste convenio.
- c) Garantir o intercambio de información entre as Administracións Públicas participantes.
- d) Elaborar e elevar ás respectivas Administracións Públicas competentes propostas destinadas a mellorar a eficiencia do sistema de transporte da Área de Transporte de Galicia.





- e) Propoñer e impulsar a introdución de bonificacións especiais a colectivos específicos de usuarios.
- f) Todas aquelas outras funcións que se lle atribúan neste convenio.

Para a validez dos acordos requirirase a presenza de ,cando menos, unha persoa en representación de cada unha das partes integrantes da comisión de seguimento, adoptando os acordos por unanimidade.

A pertenza a esta comisión así como a asistencia ás súas sesións en ningún caso implicarán ningún tipo de retribución nin axudas de custo para as persoas que a integran

Quinta.- Duración

Este convenio entrará en vigor o día da súa formalización, e manterá a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2022 ou, no caso de que se produza con anterioridade a esa data, ata a sinatura do convenio de colaboración para a adhesión definitiva do Concello de Pontevedra á Área de Transporte de Galicia.

Á finalización do período indicado, co fin de manter a liña de colaboración xa iniciada e, no seu caso, elaborar, tramitar e formalizar un novo marco de colaboración que veña a dar continuidade a este convenio, poderá ser obxecto de prórroga expresa acordada polos asinantes do mesmo, ata acadar un máximo de catro anos máis .

O devandito acordo deberá ser adoptado con anterioridade ao 15 de decembro do ano do seu vencemento, ou do vencemento da correspondente prórroga, e no mesmo deberán detallarse as liñas de actuación a seguir cara ao novo marco de colaboración.

Sexta.- Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser modificado de mutuo acordo entre as partes asinantes.

Calquera modificación substancial do convenio que supoña a asunción de novos custos por calquera das partes, requirirá un estudo técnico e económico. As modificacións substanciais do convenio requiriran a sinatura dunha addenda ao presente convenio, segundo o procedemento legalmente establecido.

Sétima.- Extinción do convenio

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir nalgunha das seguintes causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio e, no seu caso, das súas prórrogas.
- O mutuo acordo dos seus asinantes para a súa extinción ou novación, que deberá ser suscrito por escrito e coas mesmas formalidades que as deste convenio. En particular, a sinatura dun convenio de colaboración para a adhesión definitiva do Concello de Pontevedra á Área de Transporte de Galicia suporá a extinción deste convenio.
- A súa denuncia por calquera dos seus membros, e que requirirá a previa comunicación á outra parte asinante non máis tarde do día 30 de xuño do ano anterior a aquel no que se materializará.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgunha das partes ou se o servizo non se presta correctamente consonte ao estipulado. Nestes casos, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra ou obrigue a cumprir á concesionaria do servizo, nun determinado prazo, con indicación das obrigas ou





compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á persoa que exerza a presidencia da comisión de seguimento do convenio.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá comportar a indemnización dos prexuízos causados, se así se previu.

- Decisión xudicial que declare a nulidade do convenio.

En caso de resolución do convenio, todos os dereitos e obrigas nados con anterioridade á extinción deste serán cumpridos polas partes nos termos que acorden, sen prexuízo da liquidación do convenio, nos termos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Oitava.- Réxime xurídico

Este convenio enmárcase no ámbito das relacións interadministrativas previsto no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, e no título V, artigos 198 e 199, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Asemade, é de aplicación a previsión do apartado 5 do artigo 74 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación, que recolle a posibilidade dos concellos de promover ou participar en calquera momento en actuacións interadministrativas de colaboración para a mellora e o fomento do Sistema de Transporte Público de Galicia.

A este convenio non lle será de aplicación a lexislación sobre contratación das Administracións Públicas, segundo o disposto no apartado 1 do artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sen prexuízo da súa aplicación supletoria para a resolución de dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Este convenio rexerese polas súas cláusulas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia.

A resolución das posibles cuestións litixiosas que se puidesen suscitar por incumprimento ou interpretación das súas cláusulas resolveranse, en defecto de acordo entre as partes, e dado o carácter administrativo do convenio, pola Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Novena.- Derradeiras

9.1.- Comunicacions entre as Administracións Públicas

As comunicacións entre as Administracións Públicas participantes neste convenio que garden relación coa súa aplicación, realizaranse por canles electrónicas. Concretamente, as partes manifestan a aceptación do correo electrónico como medio de comunicación ordinario en relación á xestión da súa participación na Área de Transporte de Galicia. Xa que logo, as comunicacións emitidas pola Dirección Xeral de Mobilidade, ou as dirixidas á mesma, canalizaranse a través do enderezo atg@xunta.gal; con antelación á formalización deste convenio, o Concello de Pontevedra terá comunicado á indicada Dirección Xeral de Mobilidade o enderezo de correo electrónico a través do que se canalizarán as comunicacións.





9.2.- Compromiso de adhesión definitiva á Área de Transporte de Galicia

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Pontevedra expresan o seu compromiso mutuo de proceder á adhesión definitiva deste último á Área de Transporte de Galicia, que se formalizará mediante a sinatura dun novo convenio que veña a substituír a este, tan pronto como se ultimen os traballos administrativos que está desenvolvendo a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para tal fin, e se dispoña das máquinas canceladoras, en todos os vehículos, e do resto dos equipamentos tecnolóxicos necesarios para o funcionamento do sistema.

Décima.- Publicidade.

A firma do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E para que conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan electronicamente este convenio.

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

O alcalde de Pontevedra

Ethel María Vázquez Mourelle

Miguel Anxo Fernández Lores





ANEXO: ESTIMACIÓN DE ACHEGAS A REALIZAR POR PARTE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

CÁLCULO DA ESTIMACIÓN DA ACHEGA ANUAL CORRESPONDENTE AO CONCELLO DE PONTEVEDRA				
	Viaxes / Transbordos estimados	Importe bonificación	importe compensación	Acheга estimada
Bonificación zonal	267.938	0,50 €	0,454545 €	121.790,00 €
Bonificación por transbordos locais en viaxes locais	16.076	1,35 €	1,227273 €	19.729,64 €
Bonificación por transbordos intermunicipais en viaxes locais	1.340	1,35 €	1,227273 €	1.644,55 €
TOTAL ACHEGAS				143.164,18 €

DISTRIBUCIÓN ANUAL DA ESTIMACIÓN DE ACHEGA CORRESPONDENTE AO CONCELLO DE PONTEVEDRA		
	2021	2022
Acheга anual estimada	143.164,18 €	145.311,64 €
Meses aplicación	5	12
Acheга estimada exercicio	59.651.74 €	145.311.64 €

Número de viaxes e transbordos estimado a partir da información dispoñible previa á operativa dos sistemas de pagamento integrados

Bonificación Zonal					
Contrato	Viaxes Totais	Viaxes pagados con bonos	Viaxes con billete sinxelo	Viaxes con billete sinxelo pagados en efectivo	Viaxes con billete sinxelo pagados con tarxeta TPG
XG628	303.558	0	303.558	60.712	242.846
XG817	30.341	20.753	9.588	1.918	7.670
XG814	7.181	0	7.181	1.436	5.745
XG860	5.721	900	4.821	964	3.857
XG625	5.126	0	5.126	1.025	4.101
XG835	3.840	192	3.648	730	2.918
XG624	700	0	700	140	560
XG623	243	24	219	44	175
XG626	82	0	82	16	66
XG672	0	0	0	0	0
XG673	0	0	0	0	0
Total viaxes bonificación zonal					267.938
Transbordos locais en viaxes locais				6,0%	16.076
Transbordos intermunicipais en viaxes locais				0,5%	1.340

